

**CONVENIO DE COLABORACIÓN DE VOLUNTARIADO ENTRE O SERVIZO GALEGO DE
SAÚDE E A ASOCIACIÓN GALEGA DE MUSICOTERAPIA (AGAMUS) PARA DESENVOLVER
PROGRAMAS DE VOLUNTARIADO NO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE
VIGO (ÁREA SANITARIA DE VIGO)**

Vigo, a 27 de decembro de 2023

REUNIDOS

Dunha parte, don Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 136/2019 e 137/2019 do 10 de outubro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Doutra parte, dona Monserrat López Merino, presidenta da Asociación Galega de Musicoterapia (AGAMUS). Asociación con NIF G32313108, creada en Ourense o 19 de xuño de 2003 e declarada de interese sanitario por Resolución do día 6 de novembro de 2013, da Xefatura Territorial de Sanidade de Ourense.

Ambas partes recoñécense mutuamente con capacidade legal para obrigarse e subscribir o presente convenio, e para o efecto,

MANIFESTAN

I.- A Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado ven a substituír á Lei 6/1996 do 15 de xaneiro que regulou por primeira vez, no ámbito estatal o voluntariado supoñendo un fito importante no seu recoñecemento e fomento. A nova lei promúlgase co obxecto de dotar ao voluntariado dun marco xurídico que responda adecuadamente á súa configuración e dimensións actuais.

No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 1 Lei 10/2011, do 28 novembro, de acción voluntaria, indica que o seu obxecto é a ordenación e fomento da participación solidaria e altruísta da cidadanía nas actividades da acción voluntaria organizadas por entidades de acción



voluntaria ou directamente pola Administración autonómica ou pola Administración local para o desenvolvemento de programas concretos e regular as relacións que, con respecto ás devanditas actividades, se poidan establecer entre as persoas voluntarias, as entidades de acción voluntaria e as persoas destinatarias da acción voluntaria e as administracións públicas de Galicia.

II. O Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, determina que este é un organismo autónomo de natureza administrativa adscrito á Consellería de Sanidade, configurado para o axeitado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

III. A Asociación Galega de Musicoterapia (AGAMUS) é unha asociación sen ánimo de lucro. Trátase da asociación das/os profesionais acreditadas/os para exercer a Musicoterapia en Galicia, creada para o estudo e investigación da música, a terapia e a comunicación.

A musicoterapia é unha intervención clínica aplicada por un/unha profesional, que co emprego do son e a música obtén beneficios terapéuticos. Esta intervención clínica pode ser aplicada para tratar as funcións físicas, psicolóxicas, cognitivas, emocionais e sociais do individuo.

Tras varios anos traballando nesta liña, xurde unha nova canle de participación voluntaria localizada como unha actividade máis, no Proxecto de Voluntariado que nace co fin de dar cobertura a unha nova necesidade que nestes momentos se atopa latente na nosa sociedade; trátase de abrir o Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, a través da prestación de accións de voluntariado.

A inclusión da acción voluntaria no hospital permite que os/as voluntarios/as da Asociación Galega de Musicoterapia participen dun modo activo na mellora da realidade hospitalaria e da atención prestada os/as pacientes e ás súas familias, convertendo o hospital nun espazo vertebrador deste exercicio de solidariedade.

IV. A Área Sanitaria de Vigo, coñecedora das necesidades de moitos/as pacientes, incorpora entre os seus obxectivos a colaboración coa sociedade galega de musicoterapia.

Ambas partes, coidan prioritario o establecemento de accións conxuntas para desenvolver un programa que poida acadar o beneficio das persoas destinatarias.

Polo que se expón, as partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración de conformidade coas seguintes:



CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Galega de Musicoterapia (AGAMUS) para no ámbito do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo:

- Establecer novas canles de participación voluntaria, có fin de mellorar a realidade hospitalaria e a súa atención (emprego do son e a música con fins terapéuticos).
- Levar a cabo actividades, de dinamización, nas zonas axeitadas e nas entradas das plantas de hospitalización ou dos servizos que o demanden e de musicoterapia, naqueles servizos que o soliciten, aproveitando os extremos dos corredores (galerías). Con este fin previamente farase a presentación oportuna.

Obxectivos específicos:

- **Reducir a ansiedade:** tanto no/a paciente, como nos seus familiares. Isto lógrase facilitándolles a expresión emocional e motivando os cambios positivos no estado de humor. Unha situación de hospitalización é dolorosa non só para o/a paciente, senón tamén para os seus familiares, que moitas veces senten imposibilidade de poder contribuír no tratamento do seu ser querido, o que os leva a sentirse impotentes e frustrados; é por tal motivo que a musicoterapia aplícase tanto ao paciente como aos seus familiares, é moi importante para a recuperación do paciente, que a súa contorna sexa amena e positiva.
- **Reducir a sensación de dor:** segundo os expertos, o umbral da dor depende nunha grande porcentaxe, do estado de ánimo e emocional do paciente. Coa axuda da musicoterapia pódese distraer a atención do individuo e reducir desta forma a percepción de dor, creando un ambiente positivo e musical.

Segunda. Poboación destinataria

As actividades froito da colaboración regulada neste convenio irán destinadas a:

- Atención a pacientes: ingresados e atendidos en consultas externas.
- Atención a familiares de pacientes ingresados, crónicos e externos.
- Espacio de saúde e cuidados para o persoal sanitario que acompaña ao paciente no seu proceso de ingreso e curación: persoal de Enfermería, Medicina, administración e outros.



Terceira. Fases e actividades do programa

O desenvolvemento do programa comprenderá as seguintes actividades:

1. Dinamización e humanización

Concertos e outras propostas escénicas e artísticas:

Unha oferta estable de concertos e representacións participativas, da Orquestra e Coro de Musicoterapeutas Acreditadas de Galicia & Colaboracións (OyCMTAGZ).

Os seres humanos somos unha composición, unha obra de arte. Fomos creados sinfónicamente, como a Música. Para manernos vivos, necesitamos interpretarnos continuamente como acontecementos improvisados nun mundo en interacción con outros seres humanos. Cando a enfermidade nos golpea, a coherencia da nosa interpretación queda ameazada. A Musicoterapia anímanos a recuperar a congruencia, da nosa execución musical, unha interpretación que depende do tempo.

O son e a música son ferramentas poderosas mobilizadoras a nivel fisiolóxico pois a música é vibración; a nivel emocional e psicolóxico pois incide directamente nos nosos recordos. O son e a música representan a base e principal técnica de intervención dun tipo de terapia, chamada acertadamente "**musicoterapia**".

Dentro do Hospital, é importante ofrecer espazos distendidos e agradables, onde tanto familiares como pacientes e incluso médicos e sanitarios, poidan ser partícipes dunha creación musical espontánea, sentirse parte dun océano sonoro e incluso artistas nun escenario, por un intre.

2. Sesións de Musicoterapia. Intervención terapéutica

Atención personalizada individual e en grupo, para pacientes ingresados e en consulta externa, familias e persoal médico-sanitario. Ofrecendo espazo para a prevención, rehabilitación e tratamento. O hospital é un espazo de atención aos doentes, aínda que tamén podería ofrecer unha imaxe optimista e positiva contando cun espazo para a prevención e cuidado da saúde dos cidadáns de Vigo.

Dende o ano 1993, vense desenvolvendo en Galicia un xeito xenuíno de acompañar ás persoas, dende o son e a música, no seu crecemento holístico e na súa calidade de vida, coa naturalidade que supón convivir en igualdade coas diferencias.

Un modelo nado na terra, cun longo percorrido escénico, didáctico, pedagóxico, clínico e científico.



Un xeito de escoitar, comprender e acompañar ás persoas, en distintas fases do ciclo de vida e en diferentes estados vitais, dende o embarazo ata o acompañamento a morrer. Métodos de intervención personalizados grupais e individuais, co fin de atender ás especificidades propias de cada persoa e grupo.

Ofrecendo servizos estables de tratamentos de musicoterapia en diferentes áreas hospitalarias: neonatoloxía e pediatría, cardioloxía, Unidade da dor, neuroloxía, oncoloxía, nemodiálise, psiquiatría, UCI, coidados paliativos, entre outros, no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, a través de Musicoterapeutas da Formación en Musicoterapia de Galicia.

Cuarta. Metodoloxía da intervención

A metodoloxía réxese principalmente polos seguintes criterios:

- a) Participación activa da poboación destinataria.
- b) Participación activa do persoal do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.
- c) Divulgación: A viabilidade da actividade radica en gran medida no coñecemento desta, tanto polo persoal do hospital como polos propios pacientes.
- d) Análises das necesidades da poboación en cuestión (partindo da información facilitada polas persoas usuarias).
- e) Aspectos relacionais e afectivos: xerar un ambiente cómodo, no que os/as participantes poidan expresar e intercambiar opinións respectuosamente.
- f) Feed-back: favorecendo a comunicación fluída entre tódalas persoas participantes na actividade (incluíndo os destinatarios da intervención) enriquecendo a labor da intervención.

A avaliación do Proxecto deberá ser un proceso continuo, que permita coñecer en todo momento como se desenvolve a actividade e poder así realizar as modificacións pertinentes.

Quinta. Orzamento

Este convenio non supón gasto para o Servizo Galego de Saúde, e por isto, non se precisa consignación orzamentaria.



Sexta. Comisión bilateral de seguimento

Para desenvolvemento das actividades obxecto do convenio establécese unha comisión mixta paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das institucións asinantes. A comisión bilateral de seguimento reunirase, de xeito ordinario, con periodicidade anual, así como as veces que se considere necesario a solicitude de calquera das partes.

As súas funcións serán as de seguimento, interpretación, coordinación e cumprimento do convenio, resolvendo as dúbidas que a súa execución poida presentar.

Sétima. Causas de resolución

Este convenio resolverase polas seguintes causas:

- A denuncia previa de calquera das dúas partes asinantes, sempre que o notifique á outra cun mes de antelación.
- O mutuo acordo entre as partes.
- O incumprimento, total ou parcial, dalgunha das cláusulas.
- Expiración do prazo de vixencia fixado.

Oitava. Vínculo

A realización de accións de voluntariado ao amparo do presente convenio, non constitúe vínculo laboral nin contractual de ningún tipo entre as persoas voluntarias e o Servizo Galego de Saúde, non tendo dereito a percibir deste remuneración, indemnización, compensación, nin gratificación ningunha; nin a ser incluídas no réxime da Seguridade Social.

De acordo con o establecido no parágrafo anterior, polos órganos competentes da Área Sanitaria de Vigo adoptaranse as medidas adecuadas que verifiquen o cumprimento do disposto na Disposición adicional cuadraxésima terceira da Lei 6/2018, do 3 de xullo e na Lei 55/2003, sobre existencia de responsabilidades nas Administracións Públicas e entidades dependentes das mesmas pola utilización da contratación laboral.

Así mesmo polos órganos competentes da área Sanitaria de Vigo adoptáanse as medidas que garantan a adecuada e debida titulación das persoas que desempeñarán as funcións que constitúen o obxecto do Convenio.



A Asociación Galega de Musicoterapia acredita o cumprimento dos requisitos que fixa o artigo 13 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado, así como os dereitos do persoal voluntario, nos termos establecidos polo artigo 10 da citada lei.

O Servizo Galego de Saúde non se fai responsable dos accidentes ou enfermidades que as persoas voluntarias puidesen padecer no transcurso das accións voluntarias, nin tampouco dos danos que puidesen ocasionar durante a realización das ditas accións de voluntariado ás persoas ou bens, debendo responder destes a Asociación Galega de Musicoterapia.


A asociación comprométese a subscribir unha póliza que cubra os accidentes e enfermidades que puideran padecer as persoas voluntarias no transcurso do período de voluntariado, así como as posibles continxencias de responsabilidade civil que se poidan producir durante este.

A ausencia de seguro ou a non adecuada acreditación destas coberturas suporá a imposibilidade da realización das accións voluntarias.

Novena. Protección de datos

De conformidade co disposto na normativa de protección de datos de carácter persoal (Regulamento Europeo (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de datos) e Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais), as partes asinantes do presente convenio e as persoas voluntarias que teñan acceso a datos de carácter persoal non revelarán a persoas alleas ao Servizo Galego de Saúde, información da que tivera coñecemento, nin utilizarán ou disporán dela dun xeito ou con finalidade distinta á esixida polas accións voluntarias. Esta mesma obrigaón subsistirá tamén unha vez finalizado o período de voluntariado, respondendo en caso de incumprimento do deber de segredo ante o Servizo Galego de Saúde, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puideran derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.

A tal efecto e de conformidade cos artigos 8. c) e 13 da Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria, o/a voluntario/a asinará un documento no que se obrigue a cumprir o deber de confidencialidade antes citado.



Décima. Vixencia

O presente convenio terá unha vixencia de catro anos, dende o día seguinte ao da súa sinatura. En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no parágrafo anterior, os asinantes do Convenio poderán acordar por unanimidade a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción, de conformidade co artigo 49. h) da lei 40/2015 Réxime Xurídico do Sector Público.

Décimo primeira. Natureza e xurisdición

Este convenio ten natureza administrativa, e rexerá polo establecido nas súas estipulacións, pola lexislación vixente en materia administrativa e pola lexislación sobre a materia obxecto do mesmo, especificamente pola Lei 10/2011, do 28 de novembro. As cuestións litixiosas que poidan xurdir durante a aplicación do convenio, resolveranse ante a Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa.

Décimo segunda. Rexistro de Convenios, transparencia e bo goberno.

A sinatura do presente convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración Pública Autonómica poida facer públicos os seus datos de carácter persoal e mailo resto de especificacións que figuren no mesmo, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

E, en proba de conformidade, ambas partes asinan o presente convenio de colaboración, por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicada no encabezamento.

O Presidente do Servizo Galego de Saúde
(P.D. de data 13 de Decembro de 2023)
Xerente da Área Sanitaria de Vigo

Asdo. Francisco Javier Puente Prieto



A presidenta da Asociación
Galega de Musicoterapia

Asdo. Montserrat López Merino

